

ANUNCIO

Asunto: NOMEAMENTO DE GINÉS MENASALVAS LADRÓN EN COMISIÓN DE SERVIZOS NUN POSTO DE POLICÍA LOCAL.

Faise público que en data 06.02.2026 ditouse a Resolución da alcaldía núm. 166/2026 cuxa parte dispositiva, no que aquí interesa, dispón:

PRIMEIRO.- Nomear en comisión de servizos o posto vacante da RPT 04.00.00.12 de policía local, ao funcionario de carreira do Concello de Piles, Ginés Menasalvas Ladrón, ata a provisión definitiva do mesmo, por un período máximo dun ano prorrogable por outro máis, sen prexuízo doutros supostos de finalización previstos no artigo 33 do Decreto 151/2022.

Previa conformidade de Ginés Menasalvas Ladrón e da Corporación de orixe, a comisión de servizos poderá ser prorrogada, como máximo, por outro ano mais no caso de que se manteñan os requisitos que a motivan e o posto permaneza vacante.

SEGUNDO.- Requirir a Ginés Menasalvas Ladrón para que tome posesión en comisión de servizos no prazo de 3 días hábiles a contar desde a publicación desta adxudicación na web municipal se non implica cambio de residencia ou, se implica cambio de residencia, o prazo será de oito días hábiles.

TERCEIRO.- Notificar esta Resolución Ginés Menasalvas Ladrón e ao Concello de Piles con indicación de que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, poderá impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

CUARTO.- Dar traslado da presente resolución ao departamento de persoal, á intervención municipal, e á Xunta de Persoal, aos efectos oportunos.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sra. Alcaldesa, Alejandra Permuy Meizoso.